

**ANUNCIO.**  
*Concello de Valdoviño*

**No BOP núm. 21 de data de 2 de febreiro, publicouse o seguinte Anuncio de bases de operario maquinaria e creación de emprego.**

**As bases atopanse tamén dende o día de hoxe, expostas no Taboleiro de Anuncios e está a disposición dos interesados o modelo de instancia nas oficinas municipais.**

**Prazo de presentación de instancias ata o día 13 de febreiro de 2016.**

**“Anuncio:**

En uso das facultades que me confire o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; e o artigo 41.14.c) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, por Resolución da Alcaldía nº 484/2015, aprobáronse as seguintes Bases e convocatoria para a selección dun operario de maquinaria, así como para a creación de bolsa de emprego para cubrir prazas de xeito temporal dun operario de maquinaria,

**BASES QUE REXEN NA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DUN OPERARIO DE MAQUINARIA BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL ASÍ COMO CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR PRAZAS DE XEITO TEMPORAL DUN OPERARIO DE MAQUINARIA**

**BASE PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación en réxime de dereito laboral dun operario de maquinaria baixo a modalidade de contrato temporal de interinidade ao abeiro do artigo 15 1 c) do Estatuto dos Traballadores, artigo 11 do Estatuto Básico do Empregado Público e artigo 10 da Lei da función pública de Galicia, como consecuencia da xubilación do titular da praza identificada co código 4009 na relación de postos de traballo do Concello de Valdoviño e tendo en conta que se considera un servizo esencial a prestar.

Igualmente é obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego para proceder a provisión temporal de prazas das mesmas características, polos motivos sinalados nos artigos 15. 1 c) do Estatuto dos Traballadores, é dicir, substitución temporal do titular ou no seu caso dos substitutos da praza de operario de maquinaria do Concello de Valdoviño.

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, de 25 de decembro).

**BASE SEGUNDA. RETRIBUCIÓNS E FINANCIAMENTO**

O importe das retribucións dos traballadores será a establecida na Relación de Postos de Traballo para o posto definido na Base seguinte e no anexo de persoal orzamentario para o posto de operario de maquinaria.

### **BASE TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS DO TRABALLADOR**

Os aspirantes seleccionados no presente proceso selectivo incorporaranse ao concello, dándose de alta na Seguridade Social e demais requisitos legais, tendo unha duración o contrato ata que se ocupe a praza en propiedade dada a xubilación do titular.

As funcións dos aspirantes seleccionados serán as definidas pola relación de postos de traballo do Concello de Valdoviño para o posto de “operario de maquinaria” código:4009.

A título meramente exemplificativo:

- Condución dos vehículos do Concello.
- Mantemento mecánico básico e conservación dos vehículos do Concello e accesorios.
- Especialización na condución de maquinaria pesada que o Concello estime oportuna, sobre todo no que atinxe ó manexo do tractor e apeiros que se lle poidan acoplar.
- Calquera outra tarefa propia da súa categoría ou que lle sexa encomendada expresamente desde o encargado de obras, ou ben directamente desde a Alcaldía ou Concellería correspondente, ou mesmo da Oficina Técnica de Urbanismo.
- Realizar as tarefas relacionadas co transporte, carga e descarga de materiais diversos.
- Cumprir as normas de Prevención de Riscos Laborais.

### **BASE CUARTA. PUBLICIDADE**

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello así coma no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e igualmente facilitarase unha copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello.

Publicarase un anuncio da convocatoria do proceso selectivo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, e taboleiro de anuncios do Concello e a páxina web.

Os resultados das probas, así coma as citacións e emprazamentos dos aspirantes, a efectos de notificación dos interesados, levaranse a cabo unicamente a través do Taboleiro de anuncios coma medio exclusivo de notificación aos interesados, de conformidade co previsto no artigo 59.6 b) da lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, sen perxuício da súa publicación complementaria na páxina web do concello.

## **BASE QUINTA. REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS TRABALLADORES.**

1. Ser español e maior de idade, con idade non superior á xubilación, sen prexuízo do disposto na legalidade vixente para o acceso dos nacionais dos Estados membros da UE, así como os estranxeiros residentes en España que reúnan os requisitos esixidos na Lei orgánica 8/2000.
2. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado nin en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, ao acceso ao emprego público.
3. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
4. Estar en posesión do título de graduado escolar, ESO ou equivalente ou titulación superior.
5. Estar en posesión do carnet de conducir Clase B

Os requisitos para concorrer están referidos ao último día de presentación de instancias, os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta.

## **BASE SEXTA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

Os interesados deberán presentar no prazo de dez días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a seguinte documentación:

1. Solicitude de participación anexa ás bases.

A presentación da documentación poderá facerse en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92. Porén, e dada a urxencia da selección, os aspirantes que presentasen a documentación noutros lugares que non fose o rexistro do Concello deberán remitir un fax ao número 981 487294 dando aviso da presentación de instancia. Se non o fixesen así non se terán en conta as solicitudes que cheguen ao Concello con posterioridade ao prazo previsto nestas bases para a aprobación provisional da lista de admitidos e excluídos.

En todo caso non se terán en conta as solicitudes que cheguen ao Concello máis alá dos sete días naturais dende o prazo de remate de presentación de solicitudes.

## **BASE SÉTIMA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes aprobarase por Resolución de Alcaldía nun prazo non superior a catro días hábiles unha relación provisional de aspirantes na que se especifique o cumprimento dos requisitos expostos na base quinta.

Os aspirantes terán un prazo non superior a tres días hábiles dende a publicación no taboleiro de anuncios da devandita relación para a emenda das deficiencias que pola súa natureza considérense subsanables, non podendo ser obxecto de subsanación a realización de trámites ou actuacións que supoñan unha ampliación implícita dos prazos establecidos nestas bases.

Nun prazo non superior a tres (3) días hábiles dende a terminación do prazo anterior publicarase a relación definitiva de admitidos e excluídos nas probas selectivas, que será publicada no taboleiro de anuncios do concello.

Porén, no caso de non necesidade de emenda a publicación da relación de aspirantes provisional será automaticamente elevada a definitiva.

Na resolución definitiva de admitidos e excluídos emprazarase aos aspirantes admitidos para as probas de oposición sinaladas na base novena.

#### **BASE OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR**

A selección dos aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Cualificador que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: D<sup>a</sup>. Carlota González Navarro, funcionaria do Concello de Valdoviño.  
Vogais: Remedios Torres Regueiro, funcionaria do Concello de Valdoviño.  
D. Santiago López Vilela, funcionario do Concello.  
D. Vicente Bogo Dopico, funcionario do Concello  
Secretario: D<sup>a</sup> Pilar Rivera Rodríguez, funcionaria do Concello, que actuará con voz e voto.

Para a válida constitución do tribunal deberán asistir o presidente e secretario e dous dos vogais.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias se formulen durante o proceso selectivo, así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura de prazas convocadas, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

#### **BASE NOVENA. SISTEMA DE SELECCIÓN**

A selección efectuarase polo sistema de concurso- oposición.

#### **FASE DE CONCURSO.**

Antes da fase de oposición serán publicadas no taboleiro de anuncios a puntuación asignada a cada aspirante polos méritos acreditados.

O total da puntuación que se obteña na fase de concurso non poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

Unicamente valoraranse como mérito a experiencia profesional da seguinte maneira:

Experiencia en postos de traballo de condutor/a ou similar na administración pública con 2 puntos por ano completo de servizo.

Experiencia en postos de traballo de condutor/a ou similar na empresa privada con 1 punto por ano completo de servizo.

A puntuación máxima que se poderá alcanzar será de 10 puntos.

Acreditarase con certificación de servizos prestados da administración pública correspondente; certificado de empresa ou contrato de traballo inscrito no INEM ou nóminas e, en calquera caso certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social se os servizos se prestaron en empresas privadas, nos que se poida comprobar sen lugar a dúbida que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coa categoría indicada.

### **FASE DE OPOSICIÓN (máximo 25 puntos)**

A oposición constará de dous exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte exercicio os aspirantes que non alcanzaran a cualificación mínima establecida para cada un deles.

Os exercicios practicaranse en chamamento único, sendo suspendido quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior.

### **PRIMEIRA PROBA**

Obrigatoria e eliminatoria. Consistirá en contestar, no prazo máximo de corenta e cinco minutos, un cuestionario tipo test de 30 preguntas, con cinco de reserva adicionais, con catro respostas alternativas e unha soa correcta, sobre o contido do programa especificado no anexo II das bases.

Esta proba práctica valorarase de 0 a 15 puntos debendo os aspirantes obter unha puntuación mínima de 7,5 puntos para superar a mesma.

### **SEGUNDA PROBA**

Por parte do tribunal proporase unha ou varias probas prácticas de manexo de maquinaria e vehículos, a celebrar en unha ou varias sesións por un prazo máximo de catro horas, na que se valorarán os coñecementos e habilidades profesionais de acordo coas funcións do posto de traballo.

Esta proba práctica valorarase de 0 a 10 puntos debendo os aspirantes obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a mesma.

Correspóndelle ó tribunal determinar o nivel de coñecementos e habilidades necesarias para acadar a puntuación mínima.

## **BASE DÉCIMA.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

A orde de clasificación definitiva de todo os aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas distintas probas da oposición; no caso de empate, este resolverase pola maior puntuación obtida no exame práctico, e se persistise o empate, por sorteo. A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de nomeamento do Tribunal.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá propoñer para o nomeamento un número maior de aspirantes que prazas convocadas.

Se se producise algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia do nomeamento, serán chamados aqueles aspirantes que superasen as probas de oposición por orde de puntuación, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

## **BASE DÉCIMO PRIMEIRA. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN**

Os interesados deberán presentar no prazo de sete días naturais dende a publicación da proposta de nomeamento do tribunal:

- 1 Informe de recoñecemento médico polos servizos do Concello, que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- 2 Fotocopia compulsada do título académico.
- 3 Fotocopia compulsada do DNI.
- 4 Fotocopia compulsada do carnet de conducir clase B en vigor.
- 5 Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade e de non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

O Alcalde-Presidente procederá á contratación dos candidatos propostos polo Tribunal unha vez presenten a correspondente documentación.

O nomeamento notificaráselle ao interesado para que tome posesión no prazo máximo dunha semana. Se non se fai sen causa xustificada será declarado en situación de cesante.

Previamente deberá prometer ou xurar o cargo na forma establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

## **BASE DÉCIMO SEGUNDA. CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO**

Crearase unha bolsa de emprego formada pola lista de aspirantes que logo de superar as probas da fase de oposición non obtivesen praza, ordenados de maior a menor puntuación incluíndose no primeiro posto o aspirante nomeado no presente proceso selectivo.

É condición inescusable para a pertenza á devandita bolsa o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base quinta das presentes bases.

Acudirase á devandita lista para a selección de traballadores nos seguintes casos:

1. Substitución temporal do titular ou no seu caso dos substitutos da praza de operario de maquinaria do Concello de Valdoviño, segundo o disposto no artigo 15.1 c) do Estatuto dos Traballadores.

Unha vez detectada a situación de necesidade de cubrir temporalmente unha praza, e elaborado o correspondente expediente no que se acreditara o cumprimento dos supostos expostos así coma a existencia de crédito orzamentario, o Alcalde-Presidente procederá ao chamamento sucesivo daqueles aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

A notificación practicarase exclusivamente mediante a publicación da oferta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, sen prexuízo de que se intente proceder a contactar co interesado vía telefónica polo menos por dúas veces en horas distintas, do cal quedará a debida constancia no expediente.

No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá presentar a documentación relacionada na base anterior, se non o fíxese anteriormente, no prazo indicado naquela.

A renuncia, salvo que manifestase por escrito no prazo máximo dun (1) día hábil dende a notificación da oferta, ou á non presentación da aceptación da oferta e da documentación esixida en prazo implicará que o interesado pasará a ocupar o último lugar da lista.

Os integrantes da bolsa poderán en calquera momento pedir a renuncia definitiva á integración nesta, mediante solicitude por escrito dirixida ao Alcalde-Presidente.

A duración da bolsa de emprego terá unha validez de catro anos contados dende a publicación das presentes bases no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, ou, no seu defecto, ata que todos os interesados que figuren nela non manifesten interese nunha oferta de traballo concreta.

### **BASE DÉCIMO TERCEIRA. RECURSOS.**

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de

reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (artigos 116, 117 e 48 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior; as solicitudes de revisión de examen que poidan presentarse polos aspirantes serán consideradas como solicitudes de acceso ao expediente ao abeiro do previsto no artigo 35 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, sendo a única obriga para o Tribunal de Selección a de expoñer os criterios técnicos xerais que se tiveron en conta para a obtención da puntuación.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada de conformidade co previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común

## **ANEXO I**

### **MODELO DE SOLICITUDE.**

D/ D<sup>a</sup>....., con DNI número....., e enderezo, para os efectos de notificación, en....., CP....., teléfono.....

Expón:

Que desexa participar no procedemento de selección para a contratación en réxime laboral temporal interino e creación de bolsa de emprego de un operario de maquinaria, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 484 /2015 de 18 de decembro de 2015.

Para tal efecto fai constar:

- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta da convocatoria e coñece e acepta incondicionalmente as bases da convocatoria.
- Que achega coa presente solicitude os méritos e documentación xustificativa para a súa estimación

Solicita:

Ser admitida/o a participar no referido concurso.

**Documentación que achega:**

**ANEXO II – TEMARIO DA CONVOCATORIA**

- 1 Funcións e tarefas do posto de traballo de operario de maquinaria.
- 2 Normas básicas de mecánica aplicada a vehículos tractores.
- 3 Manipulación de cargas.
- 4 Tractores e equipos agrícolas.
- 5 Manexo de tractores, plumas de carga e camión grúa.
- 6 Desbroce e limpeza de fincas.
- 7 Desbroce: Métodos manuais e mecánicos.
- 8 Manexo do brazo desbrozador.
- 9 Elementos constitutivos da estrada: explanada, firmes e pavimentos.
- 10 Seguridade vial: sinalización, balizamento e defensas nas obras que se executen nas vías públicas. Principios xerais. Sinais de tráfico.
- 11 Seguridade vial: normas de circulación de tractores e maquinaria polas vías públicas.
- 12 Traballos de conservación nas estradas. Nocións xerais sobre a maquinaria específica de obras públicas.
- 13 Seguridade e saúde en traballos en estradas. Equipos de protección individual. Precaucións na manipulación de produtos e sustancias químicas. Manipulación manual de cargas.
- 14 Lugares e parroquias do Concello de Valdoviño.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Valdoviño, O Alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández”